

ACTA Nº 6/2011

CONCELLO DE PARADELA

PROVINCIA DE LUGO

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE PARADELA.

En Paradelá, a quince de xullo de 2011.

No Salón de Sesións da Casa Consistorial, sendo as doce horas, reúnese en primeira convocatoria a Corporación Municipal en Sesión Extraordinaria, baixo a Presidencia do Alcalde, D. José Manuel Mato Díaz e coa asistencia dos Srs. Concelleiros.

- D^a SONSOLES LÓPEZ IZQUIERDO.
- D. GUILLERMO CASTRO GONZÁLEZ
- D. ELISEO LÓPEZ RODRÍGUEZ
- D^a M^a TERESA VEIGA RODRÍGUEZ
- D^a M^a MONTSERRAT MULET SAR
- D. SECUNDINO PÉREZ LÓPEZ
- D. MANUEL REGUEIRO LÓPEZ
- D. BENJAMÍN LÓPEZ MATO
- D^a. ANA BELÉN LÓPEZ ÁLVAREZ
- D. SENÉN LÓPEZ GARCÍA

Asiste o Secretario-Interventor da Corporación, José López González, que da fe do acto.

A continuación procédese a coñecer dos asuntos incluídos na orde do día.

1º. PERIODICIDADE DAS SESIÓNS PLENARIAS.

Procédese por parte do Sr. Alcalde-Presidente a dar lectura da seguinte proposta:

“Considerando o disposto no artigo 38 do Real Decreto Lexislativo 2568/1986, do 28 de novembro, de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais. De conformidade co disposto nos artigos 46.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril; 210.2 a) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia e 78 do R.O.F.R.J.E.L, esta Alcaldía eleva ao Pleno a seguinte PROPOSTA:

PRIMEIRO.- Fixar a celebración das sesións ordinarias do Pleno da Corporación, o derradeiro xoves hábil dos meses de xaneiro, marzo, maio, xullo, setembro e novembro ás trece horas (13:00) da mañá.

Paradela, a 6 de xullo de 2011. O Alcalde, Asdo.: José Manuel Mato Díaz”.

Sen que se produza debate algún, a proposta resulta aprobada pola unanimidade dos once Concelleiros que conforman o número legal de membros da Corporación.

2º. COMPOSICIÓN E RÉXIME DA COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS.

Procédese por parte do Sr. Alcalde-Presidente a dar lectura da seguinte proposta:

“O artigo 20.1º.c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local, considera á Comisión Especial de Contas coma órgano necesario en todos os Municipios.

Dita Comisión estará integrada, segundo o artigo 116 da Lei 7/1985 e 66 da Lei 5/1997, do 2 de abril, por representantes de todos os grupos políticos existentes na Corporación.

O seu réxime axustarase ao establecido para as Comisións informativas nos artigo 123, 127 e 134 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

En canto a súa composición e estrutura, o artigo 66.2º da Lei 5/1997, do 22 de xullo, establece o criterio de proporcionalidade, e no derradeiro caso, o de voto ponderado.

Por elo, tendo en conta a composición da corporación resultante das eleccións municipais do 22 de maio de 2011, con grupos compostos por 9 membros no caso do Grupo Municipal Popular e 2 membros no caso do Grupo Municipal Socialista; seguindo un criterio proporcional, por parte do Alcalde-Presidente preséntase a seguinte proposta:

PRIMEIRO.- Establecer a composición da Comisión Especial de Contas que estará integrada da seguinte forma:

Presidente: O Alcalde ou concelleiro en quen delegue.

Vogais: Tres Concelleiros/as designados polo Grupo Municipal Popular.

Un Concelleiro/a designado polo Grupo Municipal Socialista.

SEGUNDO.- A adscripción dos membros da corporación que deban formar parte da mesma en representación de cada grupo, realizarase mediante escrito do voceiro dirixido ao Alcalde.

TERCEIRO.- A Comisión Especial de Contas celebrará sesión ordinaria cando sexan sometidas ao seu coñecemento as contas anuais, no día e hora que estableza o Alcalde-Presidente.

Paradela, a 6 de xullo de 2011. O Alcalde, Asdo.: José Manuel Mato Díaz”.

Os tres membros designados polo Grupo Municipal Popular son:

Titulares: - Dª. María Montserrat Mulet Sar.

- D. Eliseo López Rodríguez.

- D. Manuel Regueiro López.

Suplentes: - Dª María Teresa Veiga Rodríguez.

- D. Benjamín López Mato.

- D. Senén López García.

O membro desigando polo Grupo Municipal Socialista.

Titular: D. Guillermo Castro González.

Suplente: Sonsoles López Izquierdo.

A proposta resulta aprobada pola unanimidade dos once Concelleiros que conforman o número legal de mebrados da Corporación.

3º. NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES DA CORPORACIÓN EN ÓRGANOS COLEXIADOS.

Procédese por parte do Sr. Alcalde-Presidente a dar lectura da seguinte proposta:

“De conformidade co establecido no artigo 28.c) do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, elevo ao Pleno a seguinte PROPOSTA:

PRIMEIRO.- Designar aos seguintes representantes do Concello nos órganos colexiados nos que está representado o Concello:

- CONSELLO DE ADMINISTRACIÓN DE PARAVENTO, S.L., D. José Manuel Mato Díaz.

- CONSELLO ESCOLAR C.E.I.P SAN MIGUEL DE PARADELA, D. Benjamín López Mato.

- CONSORCIO DE TURISMO RIBEIRA SACRA LUCENSE, D. José Manuel Mato Díaz.

- GRUPO DE DESENROLO RURAL (GDR) OS SETE CASTROS, D. Senén López García.

- MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS GALEGOS DO CAMIÑO FRANCÉS, D. José Manuel Mato Díaz.

Paradela, a 6 de xullo de 2011. O Alcalde, Asdo.: José Manuel Mato Díaz”.

Sen que se produza debate algún, a proposta resulta aprobada pola maioría absoluta do número legal de membros da corporación, cos votos favorables dos nove membros do Grupo Municipal Popular e a abstención dos dous membros do Grupo Municipal Socialista.

4º. NOMEAMENTO DE TESOUREIRO.

Procédese por parte do Sr. Alcalde-Presidente a dar lectura da seguinte proposta:

“O Sr. Sr. Alcalde, expón a necesidade de realizar o nomeamento de Tesoureiro deste Concello, a fin de que se poda seguir realizando a función propia de Tesouraría, ao producirse a constitución da nova corporación, aínda que as función de Tesoureiro as siga desempeñando o mesmo Concelleiro.

Visto o disposto nos artigos 92.4 da Lei 7/85 de Bases de Réxime Local; 164.2 do Real Decreto Lexislativo 781/86, 5 do Real Decreto Lexislativo 1174/87 de 18 de

xullo e 2 f) do Real Decreto 1372/1994 de 29 de xullo, proponse ao Pleno da Corporación.

Nomear como Tesoureiro do Concello de Paradela ao Concellerío do Grupo Municipal do Partido Popular, D. Secundino Pérez López.

Paradela, a 6 de xullo de 2011. O Alcalde, Asdo.: José Manuel Mato Díaz”.

Sen que se produza debate algún, a proposta resulta aprobada pola maioría absoluta do número legal de membros da corporación, cos votos favorables dos nove membros do Grupo Municipal Popular e a abstención dos dous membros do Grupo Municipal Socialista.

5º. CREACIÓN, SE PROCEDE, DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.

Procédese por parte do Sr. Alcalde-Presidente a dar lectura da seguinte proposta:

“De conformidade co establecido no artigo 20.1º.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases de Réxime Local: “A Xunta de Goberno Local existe en todos os municipios con poboación de dereito superior a 5.000 habitantes e nos de menos, cando así o dispoña o seu Regulamento orgánico ou asó o acorde o Pleno do seu Concello.”

Tendo en conta a experiencia existente no Concello onde de forma tradicional existe dito órgano colexiado e a importante labor de asistencia e colaboración no goberno municipal que efectúa á Alcaldía, esta Presidencia eleva ao Pleno a seguinte PROPOSTA:

PRIMEIRO.- Constituir, como órgano colexiado integrante da organización municipal, a Xunta de Goberno Local.

SEGUNDO.- As sesión ordinarias celebraranse os xoves ás 14:00 horas, cada quince (15) días.

Paradela, a 6 de xullo de 2011. O Alcalde, Asdo.: José Manuel Mato Díaz”.

A proposta resulta aprobada pola unanimidade dos once Concelleiros que conforman o número legal de membros da Corporación.

6º. COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA EN MATERIA DE NOMEAMENTO DE TENENTES DE ALCALDE, NOMEAMENTO DE MEMBROS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL E DELEGACIÓNS DE COMPETENCIAS DO ALCALDE NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL E NOS MEMBROS DE DITO ÓRGANO COLEXIADO.

Por parte do Sr. Alcalde dase conta das Resolucións de Alcaldía de data 4 de xullo de 2011, co seguinte tenor literal”

“De conformidade co disposto nos artigos 21.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL) e 46.1 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF) de 28 de novembro de 1986, RESOLVO:

PRIMEIRO.- Nomear coma Tenentes de Alcalde aos seguintes concelleiros:

- Primeira Teniente de Alcalde: D^a. Ana Belén López Álvarez
- Segundo Teniente de Alcalde: D. Eliseo López Rodríguez
- Terceira Teniente de Alcalde.: M^a Montserrat Mulet Sar.

Corresponderá aos Tenentes de Alcalde, en canto tales, substituír na totalidade das súas funcións e pola orde do seu nomeamento, ao Alcalde, nos casos de ausencia, enfermidade ou impedimento que imposibilite a este para o exercizo das súas atribucións, así coma desenvolver as funcións do Alcalde nos supostos de vacante na Alcaldía ata a toma de posesión do novo Alcalde.

SEGUNDO.- Notificar o presente decreto aos designados.

TERCEIRO.- Dar conta do presente Decreto ao Pleno do Concello na primeira sesión que se celebre, e publicalo no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo da súa efectividade desde o día seguinte á data da presente resolución.

Paradela, a 4 de xullo de 2011. O Alcalde, Asdo.: José Manuel Mato Díaz.”

“De conformidade co establecido nos artigos 21.3º e 23.1º da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases de Réxime Local; 22 e 23.2º do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se presta aprobación o texto refundido de disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local e 43, 51, 52 e 53 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, por medio da presente RESOLVO:

PRIMEIRO.- Designar, coma membros da Xunta de Goberno Local, aos seguintes Concelleiros:

- D^a Ana Belén López Álvarez
- D. Eliseo López Rodríguez
- D^a Montserrat Mulet Sar

SEGUNDO.- Efectuar delegación na Xunta de Goberno Local coma órgano colexiado das seguintes atribucións:

a) En materia de urbanismo e licenzas:

- As aprobacións dos instrumentos de desenvolvemento do planeamento xeral non expresamente atribuídos ao Pleno
- A aprobación dos instrumentos de xestión urbanística non atribuídos ao Pleno pola lexislación urbanística e dos proxectos de urbanización.
- O outorgamento de licenzas, calquera que sexa a súa natureza, salvo que as leis sectoriais o atribúan expresamente ao Pleno.

b) En materia contractual

- A aprobación dos procedementos de contratación e a aprobación dos pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e no seu caso, de Prescricións Técnicas, para as contratacións e concesións de toda clase na que a competencia esté atribuída á Alcaldía, e dicir, cando o importe da contratación non supere o 10 por 100 dos recursos ordinarios do orzamento, nin en calquera caso, a contía de seis millóns de euros, incluídos os de carácter plurianual cando a súa duración non sexa superior a catro anos, sempre que o importe acumulado de todas as súas anualidades non supere nin a

porcentaxe indicada, referida aos recursos ordinarios do orzamento do primeiro exercicio, nin a contía sinalada.

Queda excluída de Delegación a adxudicación á que fai referencia o artigo 135.3 da lei 30/2007, de 30 de outubro de contratos do sector público, na redacción dada pola lei 34/2010, de 5 de agosto, de modificación, entre outras, da lei 30/2007 citada.

- A aprobación dos proxectos de obras e servizos cando sexa competente para a súa contratación e concesión a Alcaldía e estean previstas no Orzamento.

A aprobación das certificacións de obra e facturas, así como dos documentos que verifiquen a recepción do subministro ou, no seu caso a confirmación da prestación do servizo, derivadas, todas elas, dos expedientes citados nos apartados anteriores.

- c) En materia sancionadora

- Sancionar as faltas de desobediencia á Alcaldía ou por infracción das Ordenanzas Municipais, excepto cando tal facultade estea atribuída ao Pleno, con exclusión das sancións en materia de persoal.

- d) En materia económico financeira

- As autorizacións, disposicións de gastos e recoñecemento de obrigas que dentro das competencias contractuais do Alcalde teñan un importe superior aos 3.000,00 euros.

- O outorgamento de subvencións.

- O desenvolvemento da xestión económica de acordo co Presuposto aprobado e segundo o disposto nas súas Bases de Execución.

- A organización dos servizos de recaudación e Tesourería, sen prexuízo das facultades do Pleno para aprobar as formas de xestión destes servizos, así como a de aprobar todo tipo de padróns tributarios, fixando o período de cobro en voluntaria.

- e) En materia de bens

- A adquisición de bens inmoables e dereitos xuxetos a lexislación patrimonial cando o seu valor non supere o 10 por 100 dos recursos ordinarios do orzamento nin o importe de tres millóns de euros.

- A enaxenación de bens inmoables, integrantes do patrimonio municipal, que non superen a porcentaxe e contía indicados anteriormente, excepto os declarados de valor histórico ou artístico cuxa enaxenación non se encontre prevista no orzamento.

- f) Noutras materias

- A solicitude de subvencións de calquera Entidade Pública ou Privada, na que a competencia non esté atribuída pola Lei ao Pleno.

- A solicitude de delegación de competencias para contratar obras ou servizos de competencia da Alcaldía efectuadas a outras Administracións Públicas.

TERCEIRO.- Efectuar ao abeiro do artigo 43.5.b) do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais de 28 de novembro de 1986, as seguintes delegacións especiais:

- Don Eliseo López Rodríguez: Delegado da Área de xestión urbanística, planificación de infraestruturas, parques e xardíns.

- Dona María Teresa Veiga Rodríguez: Delegada de Cultura, educación e familia.

- Dona Montserrat Mulet Sar : Delegada de servizos sociais, sanidade e consumo.
- Don Benjamín López Mato: Delegado de obras e servizos, Medio Rural, Gandería, Agricultura e Montes Montes.
- Dona Ana Belén López Álvarez: Delegada de Promoción de emprego, formación e movementos asociativos.
- Don Senén López García: Delegado de Deportes, xuventude e festas, feiras e mercados.

Os concelleiros titulares de ditas delegacións, deberán dar conta á Xunta de Goberno Local das labores e actuacións desenvolvidas con motivo da mesma, aos efectos de garantir a unidade de goberno e xestión municipal e a súa debida coordinación co órgano colexiado titular das facultades decisorias nas áreas nas que se integran os servizos afectados.

CUARTO.- Pese ás delegacións conferidas, a Alcaldía poderá, mediante Resolución motivada, resolver sobre as materias delegadas, cando a urxencia do asunto así o xustifique, dando conta á Xunta de Goberno Local na sesión inmediata seguinte para a súa ratificación.

QUINTO.- Dar conta da presente Resolución aos interesados con indicación dos recursos que procedan.

SEXTO.- Dar conta da presente Resolución ao Pleno na sesión organizativa e publicala no Boletín Oficial da Provincia.

SÉTIMO.- A eficacia do presente acto quedará supeditada ao acordo que sobre creación de Xunta de Goberno Local adopte o Pleno.

Paradela, a 4 de xullo de 2011. O Alcalde, Asdo.: José Manuel Mato Díaz.”

7º. DELEGACIÓN, SE PROCEDE, DE COMPETENCIAS DO PLÑENO NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.

Procédese por parte do Sr. Alcalde-Presidente a dar lectura da seguinte proposta:

“Visto o disposto no artigo 20.1.b) da Lei 7/85, artigo 35 e concordantes do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, así como o artigo 59.2 b) da Lei 5/97, de 22 de xullo de administración local de Galicia.

Visto o artigo 22.4 da Lei 7/85 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, segundo o cal o Pleno pode delegar o exercicio das súas atribucións na Xunta de Goberno, coas excepción sinaladas no mesmo artigo, así como o artigo 51 do R.O.F. e Réxime Xurídico das Entidades Locais, propoño ó Pleno do Concello a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Delegar na Xunta de Goberno Local, por razón de eficacia e operatividade, as seguintes competencias, dentro das que legalmente son delegables, e que ten atribuídas o Pleno no artigo 22 da Lei 7/85, de Bases do Réxime Local:

a) En materia contractual

- As competencias como órgano de contratación; a aprobación dos pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e no seu caso, de Prescripcíons Técnicas, respecto dos contratos de obras, de subministración, de servizos, de xestión de servizos públicos, os contratos administrativos especiais, e os contratos privados que de conformidade coa Disposición Adicional Segunda da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público sexan competencia do Pleno Municipal; excepto os contratos de xestión de servizos públicos que excedan de cinco anos, sempre que a súa contía exceda do 20 por 100 dos recursos ordinarios do Orzamento, xa que de conformidade co art. 47.2 j) da Lei reguladora das Bases do Réxime Local, a adopción do correspondente acordo esixe un quórum especial.

Queda excluída de Delegación a adxudicación á que fai referencia o artigo 135.3 da lei 30/2007, de 30 de outubro de contratos do sector público, na redacción dada pola lei 34/2010, de 5 de agosto, de modificación, entre outras, da lei 30/2007 citada.

- A aprobación dos proxectos de obras e servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión o Pleno, aínda cando non estean previstas no Orzamento.

- O nomeamento dos membros das Mesas de contratación nos expedientes de contratacións e concesións.

- A aprobación das certificacións de obras e facturas, así como os documentos que verifiquen a recepción do subministro ou, no seu caso, a confirmación de prestación do servizo, derivadas, todas elas, dos expedientes de contratación e concesión.

b) En materia económico financeira

- A concertación de operacións de tesouraría cando o importe acumulado das operacións vivas supere o 15 % dos ingresos correntes liquidados no exercicio anterior, todo elo de conformidade co disposto na Ley Reguladora das Facendas Locais.

c) En materia de bens

- A adquisición de bens inmoables e dereitos xuxetos a lexislación patrimonial cando o seu valor supere o 10 por 100 dos recursos ordinarios do orzamento e, en todo caso, cando o seu importe sexa superior a tres millóns de euros.

- A enaxenación de bens inmoables, integrantes do patrimonio municipal, que superen a porcentaxe e contía indicados anteriormente.

- As enaxenacións patrimoniais de bens inmoables e mobles declarados de valor histórico artístico, non previstos no Orzamento.

Exceptúanse dos apartados 2 e 3 anteriores as enaxenacións de bens que teñan contía superior ao 20% dos recursos ordinarios do Orzamento, suposto no que se require maioría absoluta do número legal de membros da Corporación para a adopción do acordo.

d) En materia xurídica

- O exercicio de accións xudiciais e administrativas e a defensa da Corporación en materias de competencia plenaria.

- A declaración de lesividade dos actos do Concello.

e) Noutras materias

- As demais que expresamente lle confiran as leis e do que a aprobación non esixa unha maioría especial.

SEGUNDO.- Delegar na Alcaldía:

- A adxudicación dos contratos, á que fai referencia o artigo 135.3 da lei 30/2007, de 30 de outubro de contratos do sector público, na redacción dada pola lei 34/2010, de 5 de agosto, de modificación, entre outras, da lei 30/2007 citada.

- A aprobación dos plans de seguridade e saúde dos proxectos de obras e servizos cando sexa competente para a súa contratación e concesión o Pleno aínda cando non estean previstas no Orzamento.

TERCEIRO.- O réxime xurídico aplicable á presente delegación será o previsto con carácter xeral na Lei 30/1992, de 26 de novembro e os artigos 114 a 118 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

CUARTO.- A delegación de competencias surtirá efectos dende o día seguinte da súa adopción, ata a data de expiración do mandato dos membros do Concello, debendo publicarse o acordo de delegación no Boletín Oficial da Provincia.

Paradela, a 6 de xullo de 2011. O Alcalde, Asdo.: José Manuel Mato Díaz.”

A proposta resulta aprobada pola unanimidade dos once Concelleiros que conforman o número legal de membros da Corporación.

8º. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE ADICACIÓNS EXCLUSIVAS E RETRIBUCIÓNS, ASISTENCIAS POLA CONCURRENCIA ÁS SESIÓNS DOS ÓRGANOS COLEXIADOS DA CORPORACIÓN E INDEMNIZACIÓNS POLOS GASTOS EFECTIVOS OCASIONADOS NO EXERCICIO DO CARGO.

Procédese por parte do Sr. Alcalde-Presidente a dar lectura da seguinte proposta:

“En aplicación do establecido no artigo 75.1, 2 e 5 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local e 13 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, esta Alcaldía-Presidencia eleva ao Pleno a seguinte PROPOSTA:

PRIMEIRO.- Establecer coma cargos que levarán aparellada réxime de adicación os seguintes:

- Alcaldía-Presidencia, adicación exclusiva.
- Tesoureiro, adicación parcial.

SEGUNDO.- Fixar coma retribucións dos indicados cargos as seguintes:

- 41.297,98 euros brutos anuais distribuídos en 14 pagas iguais (12 mensuais e dúas extraordinarias a percibir nos meses de xuño e decembro) para a dedicación exclusiva do cargo de Alcalde.

- 3.084,48 euros netos anuais distribuídos en 14 pagas iguais (12 mensuais e dúas extraordinarias a percibir nos meses de xuño e decembro) para o cargo de Tesoureiro.

- As retribucións fixadas incrementaranse, anualmente, na mesma porcentaxe que establezan as Leis de Orzamentos do Estado para os Funcionarios Públicos.

- A persoa que obste os cargos citados, será dada de alta no Réxime Xeral da Seguridade Social, asumindo o Concello a cota empresarial que corresponda.

TERCEIRO.- Fixar o importe das asistencias pola concurrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados da corporación dos que se forme parte, as actualmente establecidas nas Bases de Execución do orzamento xeral municipal do exercicio 2011:

- Cen euros (100,00 euros) por asistencia a sesión plenaria.
- Sesenta euros (60,00 euros) por asistencia a Xunta de Goberno Local.
- Sesenta euros (60,00 euros) por asistencia á Comisión Especial de Contas.
- Por substitución do Alcalde en supostos de ausencia, enfermidade, vacacións ou delegación temporal, 30 euros/día.

CUARTO.- Fixar o importe das indemnizacións por gastos ocasionados polo exercicio de cargo representativo, as actualmente establecidas nas Bases de Execución do orzamento xeral municipal do exercicio 2011:

- Por uso de vehículo particular, 0,24 euros/km.
- Dieta enteira con aloxamento, 180 euros/día.
- Dieta enteira con manutención incluída, 90 euros/día.
- Media dieta con manutención incluída, 60 euros/día.
- Media dieta sen manutención, 30 euros/día.

Paradela, a 6 de xullo de 2011. O Alcalde, Asdo.: José Manuel Mato Díaz.”

A proposta resulta aprobada pola unanimidade dos once Concelleiros que conforman o número legal de membros da Corporación.

9º. DACIÓN DE CONTA DOS GRUPOS MUNICIPAIS CONSTITUIDOS.

Dando cumprimento ao disposto no art. 25 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, o Sr. Alcalde dá conta ao Pleno da constitución dos seguintes grupos políticos, dos seus integrantes e dos seus voceiros:

Grupo Político do PARTIDO POPULAR:

- D. JOSE MANUEL MATO DÍAZ
- D. ELISEO LÓPEZ RODRÍGUEZ
- Dª. Mª. TERESA VEIGA RODRÍGUEZ
- Dª. Mª MONTSERRAT MULET SAR (voceira).
- D. SECUNDINO PÉREZ LÓPEZ
- D. MANUEL REGUEIRO LÓPEZ
- D. BENJAMÍN LÓPEZ MATO
- Dª. ANA BELÉN LÓPEZ ÁLVAREZ (voceira suplente).
- D. SENÉN LÓPEZ GARCÍA

Grupo Político do PsdeG-PSOE:

- Dª SONSOLES LÓPEZ IZQUIERDO (voceira).
- D. GUILLERMO CASTRO GONZÁLEZ (voceiro suplente)

E non habendo máis asuntos que tratar, o Presidente levantou a sesión sendo as doce horas e quince minutos do quince de xullo de dous mil once, exténdose a presente acta da que coma Secretario-Interventor dou fe.

Visto e praxe

O Alcalde

O Secretario-Interventor